



**INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLAS QUE SE CLARIFICAN DETERMINADOS ASPECTOS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS DE EDUCACIÓN INFANTIL, DOS COLEXIOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, DOS COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA E DOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.**

Presentadas diversas consultas ante esta Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, tanto polas direccións dos centros educativos como polos Servizos de Inspección Educativa, sobre determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria, dos colexios de educación infantil e primaria e dos centros públicos integrados, é necesario ditar as seguintes instrucións que resolvan as dúbidas presentadas permitindo una mellor organización do curso académico 2008-2009.

**Primeiro.- IMPARTICIÓN DE DOCENCIA NA EDUCACIÓN INFANTIL POR MESTRES NON ESPECIALISTAS EN E.I.**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recolle expresamente a posibilidade de que os Mestres especialistas en educación infantil sexan apoiados na súa labor por Mestres doutras especialidades. Así, o artigo 92.2 da citada Lei prescribe:

*“O segundo ciclo de educación infantil será impartido por profesores co título de mestre e a especialidade en educación infantil ou título de grao equivalente e poderán ser apoiados, no seu labor docente, por Mestres doutras especialidades cando as ensinanzas impartidas o requiran.”*

Asemade, esta posibilidade tamén se contempla na Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que no capítulo V, apartado 2.1.9 do seu anexo, establece que ao profesorado que non cubra o horario lectivo, a dirección, oído o claustro, poderá asignarlle, entre outras, tarefas relacionadas con *“apoio a outros Mestres, especialmente aos de educación infantil nos termos establecidos no proxecto curricular.”* No mesmo sentido pronúnciase o artigo 97 da Orde do 3 de agosto de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os contados públicos integrados de ensinanzas non universitarias.

En consecuencia, en virtude da normativa mencionada e en función do que se establece na programación xeral anual dos centros educativos, os Mestres doutras especialidades apoiarán aos Mestres de educación infantil na impartición das ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela

Segundo.- FUNCIÓN DO PROFESOR TITOR EN RELACIÓN CO PROGRAMA DE GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO.

O Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, regula no artigo 81 as funcións do profesorado titor, establecendo entre outras, as de cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos, fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e aquelas outras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da función titorial.

Entre estas outras que se lle poden encomendar, está sen dúbida a xestión da gratuidade dos libros de texto do seu grupo.

Este apartado resulta de aplicación aos titores dos Institutos de Educación Secundaria, de conformidade co previsto no artigo 59 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánicos dos institutos de educación secundaria.

Terceiro.- REALIZACIÓN DE GARDAS POLOS MESTRES ESPECIALISTAS EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA, AUDICIÓN E LINGUAXE E OS QUE DESEMPEÑAN A PRAZA DE ORIENTACIÓN:

O profesorado das especialidades de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e o que desempeña a praza de orientación realizarán as gardas que se establezan en función das necesidades organizativas do centro educativo.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2008

A DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA